

Por unha España republicana e democrática. Renovación identitaria e disenso simbólico na Galicia da Segunda República (1931-1936)

For a Republican and Democratic Spain. Identity Renewal and Symbolic Dissent in the Second Spanish Republic (1931-1936)

Javier Frieiro Santaya 

Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, España
javier.frieiro.santaya@usc.es

Recibido: 09/09/2021; Aceptado: 01/11/2021

Resumo

Neste traballo abórdase o proceso de renovación da identidade nacional española que os republicanos se propuxeron acometer dende o seu acceso ó poder en 1931. Concretaremos esta renovación na substitución do vello corpus simbólico oficial por outro capaz de representar e difundir os novos valores, ben como as súas relacións cos propios dos aliados do réxime republicano e o dos seus máis reaccionarios opositores.

Malia o carácter accidentado da substitución —brevidade do réxime, necesaria conciliación cos emblemas propios dos aliados do republicanismo ou férrea oposición da dereita antirrepublicana cada vez máis reaccionaria—, a República non supuxo o fracaso completo da anovación identitaria. Ao contrario, a conciencia cívica que se viñera xestando dende finais do século XIX e que posibilitara a chegada da democracia a España nos anos trinta, manteríase entón e mesmo medraría, a pesar dos tentos de contela por medio dun golpe de Estado, una guerra e unha longa ditadura.

Palabras chave: nacionalización; identidade; símbolos nacionais; democracia; Segunda República Española.

Abstract

This essay attempts at shedding light on the renovation of the Spanish national identity made by the Republicans since they reached power in 1931. We show the replacement of the old, official repertoire of symbols with a new one, which represents and defends republican and democratic values, as well as the relationships with the republican allies and their reactionary opposition.

In spite of the accidental substitution of symbols —short live of the regime, conciliation with the symbols of the Republican allies, or anti-republican opposition by the right and reactionary traditionalists—, the Republican national project that they held must not been seen as a failure. In fact, the civic consciousness which had been growing since the last decade of the 19th century. and which contributed to the coming of Spanish democracy in the 1930s, still persisted and grew in spite of the coup d'état in July 1936, the ensuing civil war and the enduring Francoist Dictatorship.

Keywords: Nationalization; Identity; National Symbols; Democracy; Spanish Second Republic.

SUMARIO

Introdución

Novo réxime, nova identidade e novos símbolos

A morte simbólica da Monarquía

Novas bandeiras no balcón do Concello

Retratos destronados, rúas rebaptizadas

Verbena revolucionaria

O disenso simbólico ou o imposible consenso

“Galicia es algo más que una división geográfica” ou as manifestacións do sentimento identitario galego

“Ayudar al régimen democrático burgués para ir mejorando la situación de la clase trabajadora” ou os símbolos do movemento obreiro

“Levantar a España sobre otros cimientos” ou a reivindicación dos vellos emblemas monárquicos

Últimas consideracións

Referencias bibliográficas empregadas

INTRODUCCIÓN

O propósito deste artigo é analizar o proceso de renovación identitaria que os republicanos españois protagonizaron dende que accederon ao poder en 1931. Valéndose dende entón de todos os resortes do Estado, tentaron continuar o labor de nacionalizar a sociedade española na idea de España republicana e democrática que se viñera articulando dende finais do século XIX. Este estudo céntrase na substitución dos vellos símbolos nacionais, ata o de entón os oficiais monárquicos, por un novo corpus capaz de representar o novo réxime e os valores nos que este se baseaba.

Ao facelo, estase a seguir a tendencia iniciada dende os anos noventa do século pasado, a partir do xiro culturalista respecto aos estudos e investigacións sobre os nacionalismos. Achegámonos ao nacionalismo español liberal-democrático dos republicanos dos anos trinta dende o paradigma etnosimbólico, que empresta atención a cuestións como a memoria, os mitos ou os símbolos empregados polas elites nacionalistas para crear na colectividade toda unha serie de vencillos subxectivos, emocionais e identitarios. A razón pola que aquí nos envorcamos polos símbolos nacionais vén dada polo seu grande potencial para o obxectivo do noso estudo, por seren mecanismos de afirmación e expresión da identidade nacional, quen de xerar fortes sentimentos tanto entre quen se identifica con eles como entre quen os recusa, e por tanto por teren a capacidade de mobilizar a sociedade nun obxectivo e proxecto concretos, expresando moi claramente conflitos identitarios e fracturas dentro desa comunidade —en función do maior ou menor grao de aceptación dos símbolos, e polo tanto, dos proxectos nacionais a estes asociados—, ben como a evolución do discurso identitario nacional (Puhle, 2012, 11-17; Mees, 2012: 1-9; Moreno Luzón

e Núñez Seixas, 2013: 57; Thiesse, 2017: 10-11). En definitiva, coidamos, coincidindo con Smith (1999), que esta análise permite explorar o fenómeno dos nacionalismos e da nacionalización dende unha perspectiva poliédrica, afastándonos de concepcións elitistas que tratan de empresas proxectadas dende arriba, aplicadas sobre unha sociedade que as asume con pasividade. Moi pola contra, entre os diversos actores xurde un diálogo complexo, que non estará exento de tensións e resistencias.

A consulta da prensa da época, dentro dun marco centrado na Galicia da primeira metade dos anos trinta, xunto coa bibliografía especializada, permitiu achegarnos á substitución oficiosa e popular nas xornadas revolucionarias de abril de 1931, e nas semanas e meses seguintes, ós pasos que o Goberno republicano foi dando en relación a ese relevo simbólico. Daremos conta así das fraquezas dun proceso no que as autoridades non sempre actuaron con convencemento e presteza, e que a maiores tivo que defrontar unha conciliación de complexidade variable cos símbolos dos aliados dos republicanos españois, ben como a oposición visceral dunha dereita contrarrevolucionaria que se orientaba en parte por vieiros cada vez máis subversivos.

NOVO RÉXIME, NOVA IDENTIDADE E NOVOS SÍMBOLOS

Cando os republicanos liberais, amparados na vitoria nas eleccións municipais de abril de 1931, accederon ao poder, consideraron preciso deixar claro que o tempo que se iniciaba era radicalmente diferente ao que morría.

Se se pretendía lograr que a República se consolidase, cumpría comezar a acometer aqueles cambios que ao longo das décadas pasadas se asegurara que se materializarían co réxime republicano, e así levar adiante unha fonda transformación estrutural do país. Deste xeito entendeuse a convocatoria de eleccións a Cortes Constituíntes en xuño de 1931, a promulgación dunha nova Constitución a finais de ano e, como non, as reformas de calado que se comezarían a acometer ao longo do primeiro Bienio (González Calleja, 2015: 100 e segs.). Igualmente, era necesario continuar coa tarefa de nacionalizar a sociedade nunha idea de España acorde coas medidas que se pretendían emprender. Tratábase de difundir un españolismo —liberal-democrático, popular, racional, europeísta, reformador e que entendese que a República era a fórmula para solucionar os problemas da nación— que mobilizase a sociedade nesas ideas. que os políticos republicanos de 1931 defendían en diverso grao¹.

Esa empresa, que dende finais do século XIX se levava adiante por medio de mecanismos non oficiais (Salomón Chéliz, 2009: 45-63)², podía seguir a avanzar botando man dos medios que os republicanos, agora no poder, tiñan ao seu alcance. O que a nós nos interesa neste estudo é o recurso ás “imaxes da nación”, é dicir, parafraseando a Beramendi e Rivera (2016: 24), os símbolos oficiais que serven para sintetizar e espallar de xeito dado e rápido os contidos da identidade nacional: a bandeira, o escudo, o himno, as efemérides, os heroes. Os republicanos pasaron, logo das eleccións de abril, a ter control sobre eles e, como consecuencia, experimentaron unha fonda renovación, pois os vellos emblemas, demasiado vencellados coa monarquía e coa ditadura, xa non servían para representar a nova identidade española republicana. Así, os ata o daquela símbolos nacionais —a bandeira bicor e a *Marcha Real*, do mesmo xeito que retratos, estatuas e todos aqueles elementos que lembrasen a monarquía ou a ditadura de Primo de Rivera- tiveron que desaparecer do espazo

público, en beneficio dun novo corpus simbólico (Moreno Luzón e Núñez Seixas, 2013: 58-59 e 2017: 195 e segs.).³

Secasí, o proceso foi accidentado e incompleto. As razóns foron varias. En primeiro lugar, a falla de tempo xogou en contra tanto da consolidación simbólica como da nova idea de España que se quería implantar. En segundo lugar, o calado das mudanzas era demasiado fondo como para acometelas velozmente, nun intre no que, ademais, a conxuntura económica nacional e internacional non era a máis idónea para garantir partidas orzamentarias para estes fins, polo impacto da crise de 1929. En terceiro lugar, as dúbidas e vacilacións das autoridades á hora de defrontar o proceso. Por último, en cuarto lugar, os disensos simbólicos, isto é, a existencia de diversos acervos simbólicos que, representando diversos proxectos políticos e sensibilidades identitarias, competían entre si no espazo público, abríndose en ocasións á conciliación —caso do galeguismo—, optando noutras polo enfrontamento aberto —caso da dereita antirrepublicana ou o nacionalismo vasco— e, en calquera caso, evitando que un só daqueles corpus monopolizase exclusivamente o espazo público.

O resultado, xa que logo, foi que os novos símbolos oficiais dos republicanos españois non puideron consolidarse como verdadeiramente nacionais, isto é, como símbolos de España, ficando ligados exclusivamente á República dos anos trinta, aos seus defensores e, como moito, a unha concepción concreta do nacionalismo español, a liberal-democrática (Moreno Luzón, 2009: 138; Moreno Luzón e Núñez Seixas, 2013: 224-225 e 2017: 198-202). Malia isto ser incontestable, tampouco é menos certo que, se ben a nacionalización nunha idea de España democrática e republicana —e os seus símbolos— non conseguiron afectar á inmensa maioría da sociedade española, o proceso distaría moito de chegar a ser un rotundo fracaso.

A morte simbólica da Monarquía

A proclamación da Segunda República, o día 14 de abril de 1931, despois de que se desen a coñecer os resultados das eleccións municipais que se celebraran dous días denantes, supuxo a fin da Monarquía de Afonso XIII, que se desfixo sen resistencia (González Calleja, 2015: 51-63).

Aquelas xornadas, e as que seguiron, non só estiveron marcadas polo retorno a España da democracia, nunha nova forma —coa consecuente transcendencia histórica e política do fito— senón que, ademais, víronse caracterizadas por un enorme simbolismo: os cidadáns que se botaron á rúa e participaron en manifestacións, concentracións e desfiles exhibían diferentes símbolos revolucionarios, que comezaron a aparecer tamén en diferentes edificios públicos e privados (Cruz, 2014: 85-86). A intención destes “rituais de revolución” (Kertzer, 1998: 151-173) ían máis alá de expresar o relouco pola chegada dun tempo novo, que tanto prometía. Pretendíase proporcionar apoios e lexitimidade a un cambio revolucionario que, se quería institucionalizarse, requiría abandonar as construcións propias da vella orde. Conquistar o espazo con novas representacións, e asentar o novo poder.


Así, ao abeiro destas celebracións populares, iniciouse, cando menos oficiosamente, o proceso de renovación simbólica. No balcón dos concellos, ben como noutros edificios públicos e privados, apareceu unha nova bandeira, agora tricolor, aínda que en moitos casos se fixo acompañar doutras, as dos aliados dos republicanos españois. Novos heroes, mártires e referentes foron elevados, e os seus nomes rebaptizaron rúas e prazas. E todo no medio dunha grande e sonora verbena, na que se oíu, entre vivas á República, o *Himno de Riego* e outros cantos revolucionarios.

Novas bandeiras no balcón do Concello

Na altura de 1931 a bandeira que amparaba aos republicanos era a tricolor, coa que, sen renunciar á connotación patriótica dada pola súa semellanza coa *rojigualda* —España como nación única, antiga e indivisible— marcaba distancia coa monarquía e a ditadura ao incorporar, mediante a súa banda morada que representaba as cores de Castela, unha mensaxe de civismo, liberdade, progreso e democracia (Moreno Luzón e Núñez Seixas, 2017: 198-202 e 2013: 72 -73).

O seu protagonismo nas xornadas de abril de 1931 foi indiscutible. As localidades de Vigo e Eibar foron as primeiras, durante a madrugada do día 14, en proclamar a República e colocar no balcón dos seus respectivos consistorios a bandeira tricolor (Fernández González, 2002). Así, dando o pistoletazo de saída a un cambio simbólico radical, escenas semellantes tiveron lugar no resto de cidades e vilas do Estado. No caso galego, en Compostela, na tarde dese día, unha marcha organizada dende o centro republicano percorreu a Rúa Nova, o Toural, a Rúa do Vilar e a de Xelmírez, para culminar no Obradoiro, izando a bandeira da República no balcón municipal a carón da de Galicia, antes de os concelleiros electos proclamaren a instauración do novo réxime. Seguiuse tamén o exemplo da colocación do novo pendón noutros edificios públicos, e no seu defecto, adornos coas súas cores (El Eco de Santiago, 16-04-1931 e El Pueblo Gallego, 16-04-1931).

Fig. 1: Proclamación da Segunda República en Chantada (Lugo). Obsérvense as bandeiras española tricolor, galega e, ao fondo, as que probablemente se correspondan coas das agrupacións obreiras locais. Imaxe tirada polo doutor Rafael de Vega Barrera <<https://www.rafaeldevega.es>> [Consulta: 22-10-2021]



Semellantes feitos replicáronse na Coruña, onde unha manifestación entestada polos novos concelleiros republicanos recorreu as rúas ata culminar na Praza de María Pita, onde se recibiu con entusiasmo o izado da bandeira republicana a rentes da galega. Do mesmo xeito, a tricolor tamén

se ergueu noutros establecementos, como a Oficina de Telégrafos ou a de Correos, a Reunión de Artesáns e distintos cafés (*El Pueblo Gallego*, 15-04-1931 e *La Voz de Galicia*, 15-04-1931). No consistorio de Vigo, ademais destas dúas bandeiras, elevouse a da Xuventude Socialista. Non se trataría dun episodio illado, pois o pendón vermello sería izado naqueles puntos onde as forzas obreiras tiveran forza (*La Voz de Galicia*, 15-04-1931). A visión das tres insignias ondeando na Casa do Concello constituía unha boa metáfora local, ata certo punto, da pluralidade política que caracterizaba os membros do Goberno provisional, pero tamén dos retos identitarios e simbólicos que deberían saber superar.

O salientado papel da nova bandeira non só se reduciu ao balcón municipal e aos edificios oficiais e privados, senón que tamén engalanou as roupas de moitos manifestantes, que do mesmo xeito exhibían, como na cidade de Ferrol, improvisados gorros frixios, outro símbolo tradicional do republicanismo (*El Correo Gallego*, 15-04-1931).

Estas manifestacións populares precederon á propia decisión do Goberno Provisional de mudar a bandeira nacional, que se fixo pública tres días despois da proclamación da República. O 28 abril publicouse na Gaceta de Madrid un decreto asinado por Niceto Alcalá-Zamora, presidente do Goberno provisional, polo que o Executivo, tomando nota de que “el pueblo libre que izó por todo el territorio aquella bandera” [referíndose á tricolor] no “alzamiento nacional contra la tiranía, victorioso desde el 14 de abril” e demostrando así a súa participación no “ejercicio da soberanía”, viña ratificar o que se presentaba como un mandato popular. Así, a tricolor quedou establecida como bandeira nacional para todos os fins oficiais, de representación do Estado tanto dentro como fóra do país, servizos públicos, civís e militares⁴. O proceso tería cume coa inclusión desta disposición na Carta Magna —e en nada menos que no seu primeiro artigo— a proposta do deputado radical José Sánchez Terrero.⁵ A fórmula, moi simple: “la bandera de la República española es roja, amarilla y morada” (Artigo I da *Constitución de la República Española de 1931*).

Retratos destronados, rúas rebaptizadas

A substitución de bandeiras non foi a única mudanza iconográfica que selou a morte da monarquía naquelas xornadas de abril. Tamén se acometeu a eliminación doutros símbolos monárquicos, seguindo un maior ou menor efectismo.

En Santiago, o retrato de Afonso XIII que penduraba no concello foi retirado e substituído por un emblema da República, cando as novas autoridades tomaron o control da cidade (*El Eco de Santiago*, 16-04-1931)⁶. Non correu a mesma sorte, canto á integridade do cadro, o que presidía o Paraninfo da Universidade, que foi esnaquizado por un grupo de estudantes, que tamén pendurarían a bandeira tricolor no balcón do edificio (*El Pueblo Gallego*, 16-04-1931). En Vigo, despois da izada e da proclamación, os que se encargaron de substituír o rei na sala de sesións do consistorio foron os capitáns Galán e García Hernández, heroes da frustrada sublevación de Jaca de decembro de 1930 e mártires da liberdade (*La Voz de Galicia*, 15-04-1931). No consistorio de Ferrol, o espazo que ata entón estivera reservado ao monarca foi ocupado polo cadro da pedagoga Concepción Arenal, flanqueado por outros dous ferroláns, o socialista Pablo Iglesias e o republicano Francisco Suárez (*El Correo Gallego*, 15-04-1931)⁷. Na cidade herculina, un grupo de manifestantes asaltou os locais das forzas do primorriverismo: os escudos da Unión Monárquica e do Somatén foron guindados ao mar (*La Voz de Galicia*, 15-04-1931). No Concello, a imposición da bandeira tricolor

viría acompañada do apuñalamento por un grupo de mozos do retrato do monarca que presidía o salón, “cuyos pedazos fueron incluso, mordidos por algunos” (*El Imparcial*, 15-04-1931)⁸.

Nas rúas atopamos, do mesmo xeito, exemplos de violencia simbólica contra emblemas que aludían á Monarquía, salientando a mudanza dos nomes de vías e prazas, entendida como unha “rebaptización do espazo público”, e que xa foi abordada dende as primeiras sesións plenarias das novas cúpulas municipais. En Vilagarcía de Arousa, por exemplo, a Rúa Marqués de Aranda pasou a ser “de Galán y García Hernández”, e a de San Quintín, “de Castor Sánchez”; varias prazas tamén viron alterados os seus nomes, aparecendo a do 14 de abril, Libertad e Casares Quiroga, un dos líderes do republicanismo en Galicia (*El Compostelano*, 29-04-1931); na Coruña, a Avenida de Afonso XIII mudou en “de Capitán Galán”, e a de Primo de Rivera, en Mártires de Jaca (*Boletín Municipal y de Turismo*, 09-05-1931). Igualmente, foi frecuente que a nomenclatura vencellada aos aliados do republicanismo liberal, como a dos socialistas, tivera o seu espazo, como aconteceu en Santiago coa praza de “García Prieto”, que se transformou na de “Pablo Iglesias” (*El Eco de Santiago*, 28-04-1931).

Fig. 2: As conmemoracións públicas foron ocasións axeitadas para a exhibición dos novos símbolos nacionais e constatar a conquista do espazo público polas novas autoridades. Na fotografía, unha moza vestida como bandeira tricolor acompañada doutras que tamén as portan en asociación aos novos mártires da liberdade: Galán e García Hernández. Outras fotografías do acto indican que as bandeiras brancas serían galegas. Imaxe tirada do doutor Rafael de Vega Barrera <<https://www.rafaeldevega.es>> [Consulta: 22-10-2021]



Estes actos, como calquera dos antes citados, revisten grande importancia. Non era simples accións froito da éxtase da vitoria ou a rabia contra o pasado, e, se algo había diso, o seu significado

ía moito máis alá. Bandeiras que simbolizaban a democracia, a república, ou mesmo identidades alternativas á española e a revolución proletaria, a remoción dos nomes e destrución das imaxes de políticos do vello réxime e ata o monarca... Actos dun carácter completamente político, rupturista, revolucionario: ratificar a morte dunha monarquía vencida acabando cos seus símbolos, emblemas e protagonistas, impondo outros novos: os dos vencedores (Orobón e González Fernández, 2019: 180).

Verbena revolucionaria

Os que en abril saíron ás rúas a celebrar a fin do réxime participando en manifestacións e concentrándose nas prazas, ademais de proferir vivas á República e a España, tamén entoaron, seguindo o espírito festivo e entusiasta que caracterizou eses días, os diferentes himnos do repertorio do cancionero revolucionario español. En Compostela, do mesmo xeito que na maioría de cidades e vilas, a República foi recibida coa *Marsellesa* e o *Himno de Riego*, interpretados pola banda municipal e cantados, con maior ou menor soltura, polo público asistente. En Pontevedra tamén acompañou o do movemento obreiro, *A Internacional (El Pueblo Gallego, 16-04-1931)*. Na cidade de Lugo deixouse oír, logo da proclamación, o Himno Galego (*El Pueblo Gallego, 15-04-1931*).

As tres primeiras composicións foron abofé as que máis soaron nas rúas durante aquelas semanas. Con todo, e malia o seu éxito, o futuro himno nacional non podía ser elixido entre *A Marsellesa* —malia haber versións nas diversas linguas peninsulares, seguía a ter orixe foránea— ou *A Internacional*, que só se identificaba coa clase obreira. Xa que logo, entre as composicións históricas, só o *Himno de Riego* —cuxas letra fora creadas durante o Trienio Liberal por Evaristo Fernández de San Miguel, en honra a quen protagonizara o erguemento liberal de 1820— parecía ter posibilidades de chegar a ser a que representase a nova España que a República pretendía poñer en marcha. Con todo, sobre a súa idoneidade para exercer esta función, comezaron a aparecer voces críticas, mesmo entre os republicanos, que alegaban a súa baixa calidade, ou que non estivese moi actualizada aos novos tempos que traía o cambio de réxime (Moreno Luzón e Núñez Seixas, 2017: 204-205; Serrano, 1999: 115).

As indecisións sobre esta cuestión, que tamén atinxiron ao Goberno provisional, ao mesmo tempo que a inexistencia dunha opción de himno nacional clara, levou a que, durante o ano 1931, xurdisen numerosas propostas, que entraron en competencia a partir das opinións favorables ou desfavorables na prensa: o *Canto rural á República* de Óscar Esplá e Manuel Machado, o *Himno Republicano Español* de Ramón Torralba ou o *14 de abril* dos irmáns Adela e Francisco Anaya. Aínda que o debate foi intenso, ningunha das propostas creadas *ad hoc* acadou un consenso maioritario nin na opinión pública nin na sociedade española. Tampouco chegaría a bo porto a proposta que o Concello de Madrid iniciaría no verán de 1931 para atopar un novo himno (Téllez Cenzano, 2016).

Pola súa banda, o Goberno provisional, o 1 de maio de 1931, publicou un decreto asinado por Manuel Azaña, por entón ministro de guerra, que establecía que, no ámbito castrense, as bandas militares pasasen a tocar o *Himno de Riego* onde ata o de agora se interpretara a *Marcha Real (Diario Oficial del Ministerio de la Guerra, 1-04-1931, p. 267)*. A disposición, aínda que temporal —“hasta que se determine cual ha de ser la marcha nacional”— e limitada ao ámbito militar, xamais foi anulada. Así, o *Himno de Riego* continuou a exercer a súa provisional función de representación durante o período da República, aínda que, como se verá, lonxe estivo de monopolizar o universo hímnico español, mesmo nos ámbitos oficiais.

× × ×

Os primeiros pasos das xornadas de abril tiveron continuidade nas semanas seguintes por vía legal. Amais do regulado para bandeira e himno, diferentes disposicións do Executivo prohibiron o uso de termos ou emblemas que lembrasen a monarquía nos símbolos e denominacións de academias, corporacións, padroádegos e calquera outro tipo de sociedades. Ordenouse a retirada dos antigos símbolos en ámbitos tan sensíbeis coma o castrense, e noutros tan fundamentais, coma os centros escolares. Nestes últimos, e por orde do ministro de instrución pública Marcelino Domingo, a substitución aproveitouse para explicar ao alumnado como o pobo español dera ao mundo unha grande lección de civismo, ao traer a democracia mediante unha revolución incruenta e pacífica (*Gaceta de Madrid*, 25-04-1931, p. 324). Foi o paso inicial do emprego dos novos símbolos nacionais na cotianeidade da aula e en celebracións vencelladas á vida escolar: dende o debuxo da bandeira en cadernos e traballos ata a súa presenza, xunto co himno, en festivais, inauguracións e concertos. Os cambios tamén atinxiron a ámbitos máis nimios, coma os billetes, os selos, as marcas comerciais, os estancos de tabaco, etc. (*El Compostelano*, 21-04-1931).⁹ Os novos símbolos, mediante o seu uso recorrente —banal, en termos de Michael Billig¹⁰— e a súa profusión no espazo público, contribuirían a avanzar na nacionalización dos españois nunha identidade diferente á sintetizada polas antigas representacións.

Fig. 3: Varios dos cromos da colección “Episodios de la Proclamación de la República Española”, editada na década dos trinta pola empresa Chocolates Guillén, afincada na cidade de Barcelona. A serie, que pretendía narrar de xeito sinxelo o camiño á proclamación do novo réxime, exemplifica, ademais, unha boa vía para sentar memoria -fundamento da identidade- entre as capas máis novas da sociedade e banalizar, igualmente, os símbolos nacionais. A colección completa en Iberlibro <<https://www.iberlibro.com/pape-r-collectibles/Episodios-Proclamaci%C3%B3n-Republica-Espa%C3%B1ola-Col-Completa/30430308479/bd>> [Consulta: 22-10-2021]



Con todo, para moitos resultaba evidente que, avanzado o tempo, as reminiscencias da monarquía aínda non foran borradas de todo. En Ferrol, por exemplo, as autoridades de Mariña non recibiron a orde ministerial de retirar simboloxía monárquica das dependencias ao seu cargo ata outubro de 1932 (*El Ideal Gallego*, 20-10-1932). As tardanzas ben se podían deber ás eivas económicas ou á falla de insistencia abonda dende Madrid para que se eliminasen os símbolos da monarquía no espazo público, que parecía quedar na man da boa vontade do suxeito particular competente. Desta situación deu conta en Cortes o deputado radical Gerardo Abad Conde a finais de 1932, demandando unha iniciativa executiva que, de xeito inmediato, acabase cos emblemas monárquicos e aristocráticos sen valor artístico que aínda exhibían moitos edificios oficiais (*Diario de Sesiones del Congreso de los Diputados – Serie Histórica*, 11-11-1932, pp. 9448-9449)¹¹.

Mais a tardanza á hora de acometer os cambios —que requirían tempo, compromiso e fondos—, e que provocou que o proceso ficara incompleto e mesmo que se puidese definir como accidentado, non constituíu o único problema para a consolidación dos novos símbolos. Quizais a pexa máis importante foi o disenso simbólico, que a medida que se aguzaba, estoupando ás veces en conflito aberto e violento, evidenciou que un corpus oficial xa non homoxéneo, senón hexemónico —con símbolos sólidos, integradores e representantes dunha nova idea de España— non era posible.

O DISENSO SIMBÓLICO OU O IMPOSIBLE CONSENSO

Lonxe de seren os emblemas oficiais, sobre os que mesmo entre os republicanos o consenso non era total, os únicos que ocupaban o espazo público, a pluralidade do escenario político español da década dos trinta acabou afectando ao mundo simbólico (Moreno Luzón e Núñez Seixas, 2017: 211-212 e 224). Tanto os aliados do republicanismo como os seus máis reaccionarios detractores facían uso das súas propias cores, pendóns e cánticos. Ao facelo, había casos nos que se manifestaba unha mensaxe que podía ser, con matizacións, máis ou menos compatible co discurso republicano; noutros, facíase gala dunha total oposición á nova identidade nacional republicana e ao proxecto político asociado a ela mediante a deslexitimación do corpus simbólico que os sintetizaba, ben reivindicando a vella simboloxía ou ben enarborando unha nova.

“Galicia es algo más que una división geográfica” ou as manifestacións do sentimento identitario galego

Na altura da década de 1930, estaban consolidadas sensibilidades identitarias diferentes á española. Por iso, dende había tempo reclamábase dar solución á cuestión, rachando co centralismo da monarquía e apostando pola redistribución territorial do poder. Había urxencia, porque se trataba dunhas das pexas que o país arrastraba dende décadas atrás, e porque algunhas forzas republicanas periféricas —no caso de Cataluña e Galicia— convertéranse en aliados dos republicanos dende o Pacto de San Sebastián, en 1930. Satisfacer as súas demandas, clave para consolidar a República neses territorios, foi un desafío para a nova Constitución, que, sen cuestionar a unidade de España nin o seu carácter moninacional, recoñecía a posibilidade, supeditada sempre á vontade das Cortes, de constituír rexións autónomas (Beramendi, 2003: 56-59 e 66-67).

Ademais, no eido simbólico, os republicanos tiveron que compartir o espazo oficial e público cos nacionalistas periféricos e republicanos autonomistas. Así foi en Cataluña e no País Vasco, e noutros lugares a menor escala, como Galicia, Valencia e Andalucía. As interpretacións que se poidan tirar destas manifestacións, igual que o grao de compatibilidade coa emblemática estatal e o que esta representaba —a República e os seus ideais—, mudou dependendo do momento e do lugar.

No caso de Galicia,¹² manifestacións simbólicas de diferencialismo identitario houbos dende os primeiros momentos das xornadas de abril, en cidades como A Coruña (*La Voz de Galicia*, 15-04-1931) ou Ferrol (*El Correo Gallego*, 16-04-1931). Porén, foron máis alá deses días de cambio revolucionario. A festividade do Día de Galicia, cada 25 de xullo, foi ocasión para engalanar rúas e prazas, casas particulares e edificios públicos. Nos consistorios, a bandeira tricolor facíase acompañar da galega, e do mesmo xeito tamén se interpretaba o Himno Galego, o *Himno de Riego* e música da Terra; así ocorreu en Ferrol, Pontevedra ou Betanzos en 1931 (*El Ideal Gallego*, 26-07-1931)¹³. En Ourense, por mor da promulgación da Constitución en decembro, colocáronse ambas as dúas bandeiras en edificios públicos e privados, e tocáronse os dous himnos (*El Correo Gallego*, 12-12-1931). En agosto de 1934, co gallo da visita de Niceto Alcalá-Zamora, agora xa Presidente da República, a diversas cidades galegas, organizáronse actos nas que se igualmente se evidenciaba a convivencia: en Pontevedra, tanto na Casa do Concello como na Deputación luciron ambos pendóns; e en Vigo, a mocidade entoou os dous himnos logo de o xentío proferir vivas a Galicia, á República e ao seu presidente (*El Pueblo Gallego*, 10-08-1934).

Tamén hai constancia de episodios nos que exclusivamente se exhibían os símbolos propios de Galicia. Así, temos a homenaxe na estatua de Rosalía de Castro durante o Día de Galicia en Compostela, con procesión cívica de concelleiros e outros próceres da vila encabezada polos pendóns da cidade e de Galicia, en 1934 (*El Compostelano*, 26-07-1934)¹⁴. Da mesma natureza semellan as celebracións na Coruña a comezos de febreiro de 1935, co gallo do centenario do nacemento de Eduardo Pondal, concretamente, a ofrenda floral no seu busto dos Xardíns de Méndez Núñez, logo da cal se interpretou o Himno de Galicia e se repartiron follas con poemas seus (*El Eco de Galicia*, marzo de 1935)¹⁵.

Ademais destes actos, que malia gardar un notable contido identitario estaban vencellados ao eido cultural, é posible atopar outros nos que os emblemas galegos, usados de xeito illado, adquiriron unha forte carga política. Son bos exemplos os episodios provocados por mor da paralización das obras do ferrocarril Zamora-Ourense-Coruña (González Probados, 1990). En 1932 salientou a folga de universitarios en Santiago, en cuxo edificio foi izada —por dúas veces, pois na primeira o reitor mandou retirala— a bandeira galega sen a republicana, continuando cunha manifestación polas rúas da cidade, dando vivas a Galicia e reclamando a continuación das obras (*El Compostelano*, 16-01-1932). Nun contexto de folga xeral, noutros puntos como Silleda ou Lalín tiveron lugar manifestacións nas que bandeira e himno galegos foron protagonistas e acompañanse, no segundo caso, de cartaces ridiculizando deputados e autoridades (*El Pueblo Gallego*, 27-03-1932). A importancia para o galeguismo deste movemento a prol do ferrocarril foi advertida no momento polo xornalista e membro do Partido Galeguista (PG) Plácido Castro, quen afirmaba que se estaba a demostrar, mediante o xurdimento de solidariedades que superaban o ámbito local ou provincial, unha consciencia e patriotismo galegos. Habería probas de que “Galicia es algo más que una división geográfica, que tiene los elementos sentimentales necesarios, además de los materiales, para ser una nación”¹⁶.

A vitoria da Frente Popular en febreiro de 1936 reactivou o proceso para conseguir o obxectivo táctico primordial do galeguismo dos anos trinta: a autonomía de Galicia por medio da aprobación do Estatuto. A campaña, a manifestación política galeguista máis relevante daqueles anos, estivo chea de chamamentos á participación no referendo e logo de celebracións pola vitoria no plebiscito do 28 de xuño. A carga simbólica foi notábel: as dúas bandeiras e os dous himnos, música galega, rapazas vestidas con traxes típicos, partilla de lazos, bandeirolas e exemplares do Estatuto, discursos e manifestos, letreiros e pancartas, propaganda aérea en prol do autonomismo,¹⁷ etc.

Fig. 4: Símbolos españois, neste caso bandeira e escudo republicanos, asociados aos de Galicia e A Coruña. Acto de entrega da “hucha de honor” ás Escolas Labaca, da cidade da Coruña, polo director do Instituto de Previsión. *Vida Gallega*, 20-02-1935, p. 13.



En definitiva, o emprego destes símbolos, ben acompañados dos da República, ou ben mostrados de xeito independente, por sectores que en grao variable podían manifestar unha identidade diferenciada da española, facía redobrar os dilemas simbólicos que afectaban aos estatais, no senso de que non era posible contar cun corpus oficial único e homoxéneo en todo o Estado.

Unha falla de unidade que no caso de Galicia non levou, malia haber algún episodio que vimos de referir, a unha total ausencia de harmonía ou sentido conciliador cos símbolos españois. Tampouco a desconfianza por parte das autoridades estatais. En Galicia, o nacionalismo representado principalmente polo PG (Beramendi e Núñez Seixas, 1996: 140-143; Beramendi, 2009: 129-131) encadrouse nunha tendencia republicano-esquerdista que, perante a morte da vía federal, comezou a apostar como programa inmediato pola obtención do Estatuto de Autonomía dentro dos límites establecidos pola Constitución de 1931.¹⁸ Por conseguinte, e malia que no seu seo existía unha importante á católico-tradicionalista —que impuxo concorrer en solitario nos comicios de 1933— e outras sensibilidades de escaso peso —a marxista e a independentista—, na medida en que a á progresista entendera que só coa colaboración co republicanismo de esquerda e liberal de referente español se podían acadar reformas sociais e profundar na democratización mediante un goberno autonómico, decidiuse apostar por un firme entendemento cos republicanos. Expresábo así o galeguista Antón Villar Ponte perante o emprego de símbolos galegos como presuntas manifestación de oposición aos novos estatais:

En aquellos supuestos síntomas de galleguidad hay bastante de fariseísmo [...]. Los colores del galleguismo son tan republicanos como los de la enseña roja, gualda y morada. La banderita gallega, lo mismo que la nacional.

Nuestro Himno, como el *Himno del Riego*. Y los galleguistas tenemos verdadera satisfacción al enlazar los dos himnos y al enlazar las dos enseñas¹⁹.

“Ayudar al régimen democrático burgués para ir mejorando la situación de la clase trabajadora” ou os símbolos do movemento obreiro

Os socialistas,²⁰ aliados cos republicanos liberais nas eleccións municipais de 1931 e no obxectivo común de tombar a monarquía, co-protagonizaron con eles a chegada da República. A bandeira vermella e *A Internacional* estiveron presentes nas manifestacións de xúbilo popular e nos actos que reflectían o cambio de réxime en cidades como Pontevedra ou Ferrol (*El Pueblo Gallego*, 16-04-1931 e *El Correo Gallego*, 15-04-1931 respectivamente). Unha boa relación inicial que se reflectiu no plano simbólico, pero que foi variando durante o quinquenio. Vexámolo botando unha ollada aos actos que de produciron nas diferentes xornadas do Primeiro de Maio dos anos trinta, data que foi institucionalizada polo Goberno provisional como día feriado.

En 1931 os edificios públicos de Vigo enfeitáronse coa tricolor, e nos privados luciron tanto este pendón coma o vermello. Polas rúas circulou unha grande manifestación onde se deixaron ver as diferentes bandeiras e estandartes de sindicatos e sociedades agrícolas. Esta “falange obrero-republicana”, que culminou na Porta do Sol, ía encabezada polos alcaldes de Vigo e Lavadores, concelleiros republicanos, socialistas e agrarios, seguidos por un grupo de mozos socialistas que levaban sobre os ombreiros tres meniñas vestidas coas cores da República, e atrás deles funcionarios, mestres e membros de federacións, partidos e mocidades. Entre vivas ao PSOE e á República, as bandas de música tocaban *A Internacional*, *A Marsellesa* e mais o *Himno de Riego* (*El Pueblo Gallego*, 3-05-1931).

Naqueles primeiros intres respirábase espírito conxuncionista, ben como a necesidade de facer entender aos obreiros os beneficios de asumilo, criticando aquelas voces, como por exemplo os comunistas, que desprezaban a colaboración co novo réxime. Así foi en Pontevedra, onde a Agrupación Socialista criticou o discurso radical e antirrepublicano que Manuel García Filgueira (comunista) pronunciara durante a xornada na Alameda (González Probados, 1986: 377). Con todo, aínda que moitos socialistas non mantiñan un discurso moi diferente dos republicanos de esquerdas e, coma eles, apostaban pola rexeneración e as transformacións estruturais, deixaban claro o seu convencemento de que o que triunfara non era unha “República socialista” senón unha “República burguesa” á que, así e todo, se decidía prestar apoio -mesmo facendo parte do executivo, con tres carteiras- para garantir a mellora das condicións da clase obreira (González Probados, 1990: 170 e segs e 1992: 92; Macarro Vera, 1999-2000: 315)²¹.

Se os socialistas apoiaban a República de xeito instrumental para mellorar a situación da clase traballadora, a posta en marcha de medidas para lograr este obxectivo sería a condición para que o continuasen a facer. A crise e creba da coalición republicano-socialista no verán de 1933 e a súa concorrencia electoral por separado fixeron evidente a fin do entendemento. Confirmábase agora que o PSOE, descontento co limitado reformismo republicano e temeroso do auxe do fascismo, se estaba a envorcar á esquerda, pois impúñanse, aínda que non de forma unánime, as teses da revolución como única vía posible, promovidas por Francisco Largo Caballero, un dos líderes do partido (González Probados, 1990).

Nos anos 1933 e 1934 os discursos escoitados en moitas localidades galegas durante as xornadas do Primeiro de Maio pivotaron sobre a necesidade dunha alianza obreira para frear o inimigo fascista, como manifestaba no 1933 Dolores Ibárruri, política comunista, en Pontevedra. A participación conxunta de socialistas e comunistas nos actos celebrados na cidade do Lárez ao ano seguinte deron boa mostra da ratificación deste entendemento, que contrastaba coa súa tradicional desafección. Así, e malia que nos edificios públicos seguíuse a ondear a bandeira tricolor —o día era festa oficial—, o certo foi que a xornada adquiriu un carácter cada vez máis proletario e menos republicano, cadrando tamén coa propia radicalización dos socialistas e ao tempo, coa suspensión de actos polas autoridades, temerosas do estoupido de revoltas (González Probados, 1986: 382-387 e 391).

Xa non se volvería ver aquel espírito conxuncionista do Primeiro de Maio de 1931. Nin sequera logo dos episodios de outubro de 1934, cuxas consecuencias provocaron un novo xiro nuns socialistas que paseniñamente se volvían achegar, nas eleccións de febreiro de 1936, aos republicanos progresistas para derrotar as dereitas nas urnas, acadar a amnistía dos presos e recuperar o reformismo do Primeiro Bienio (González Probados, 1990: 182-184). O caso ourensán no 1936 é exemplo representativo do diferente que se tornara a xornada. Na capital provincial, a marcha revestiu un marcado carácter paramilitar, e os milicianos e milicianas que participaban nela ían uniformados con camisa azul e gravata vermella. Salientaban carteis nos que se daban vivas á España soviética, ao Exército Vermello, a Rusia e os que clamaban pola unión de todos os proletarios. O puño en alto como sinal de saúdo foi frecuente cando se lles aplausaba ou se interpretaba *A Internacional*. Canto ás bandeiras, unha grande cantidade de pavillóns vermellos, algúns con símbolos comunistas, asolagaban o panorama, eclipsando un tímido par de pendóns republicanos (*El Pueblo Gallego*, 3-05-1936).

Ora ben, malia que a converxencia simbólica entre republicanos e socialistas se foi desintegrando durante o quinquenio e, doutra banda, a radicalidade dos obreiristas foi en aumento, ambas as dúas cuestións non deben servir para defender unha suposta revolución social inminente a altura de 1936. Nin socialistas, nin comunistas, nin anarquistas tiñan interese ou capacidade para tal empresa, por moito que os políticos da dereita antirrepublicana primeiro, e os golpistas despois, axitasen esa pantasma regularmente para xustificar os seus actos (González Calleja, 2011: 310 e segs e 2015: 1122-1148).

“Levantar a España sobre outros cimientos” ou a reivindicación dos vellos emblemas monárquicos

A defensa da simboloxía monárquica levouse a cabo de diversos xeitos e dende diferentes sectores conservadores. Ao ser a mudanza de bandeira unha das primeiras cuestións das que se ocupou o Goberno provisional, as críticas iniciais xiraron nesa dirección, e fundamentalmente cuestionaban a necesidade do cambio (Moreno Luzón e Núñez Seixas, 2017: 212). Entre os argumentos que se arrebolaron a prol da bicor, habíaos máis triviais, como o seu valor estético; outros eran de maior calado: a bicor como bandeira de España, desvencellada de calquera partido ou réxime político, substituída nun exercicio arbitrario, caprichoso, por outro pavillón que dividía os españois. Algo semellante ocorrería coa mudanza do himno:

No era la *Marcha Real* privativa de los Reyes. Con ella se rendían honores a Dios y a la bandera de la Patria [...]. No hay, pues, por qué desterrar el Himno Nacional, conocido en todo el mundo, y de una sonoridad y solemnidad difícilmente superables²².

A outra vía de reivindicación da simboloxía monárquica, amais da censura do corpus simbólico oficial, foi a exhibición dos antigos emblemas. Malia estaren perseguidas manifestacións deste tipo pola Lei de Defensa da República de 1931 e pola Lei de Orde Pública de 1933 (*Gaceta de Madrid*, 22-10-1931, pp. 420-421 e *Gaceta de Madrid*, 30-07-1933, pp. 682-683), durante todo o quinquenio a prensa non deixou de rexistrar sancións por cometelas: multa a un vilagarcían por ter tocado a súa filla, de sete anos, a *Marcha Real* no seu domicilio (*El Compostelano*, 14-01-1932); penalización, con cincocentas pesetas, a varios comerciantes por vender laranxas en envases cos emblemas monárquicos (*El Ideal Gallego*, 16-12-1932); ou denuncia de varias orfas da Casa Hospicio de Santiago por interpretar un canto á Virxe coa música do vello himno (*El Eco de Santiago*, 21-06-1934). Algo de maior gravidade pareceu a colocación por parte de dúas mulleres dun retrato de Afonso XIII acompañado de varias bandeiras bicores no compartimento do tren que as conducía a Vigo (*El Pueblo Gallego*, 10-04-1932).

Se había algo de inocuidade nas manifestacións particulares que vimos de referir, co paso do tempo, estas exhibicións, en non poucas ocasións bañadas dun verniz confesional, comezaron a adquirir un carácter cada vez belixerante co réxime republicano, sobre todo, cando as protagonizaban formacións políticas. Nomeadamente, as que se inscribían na dereita españolista antirrepublicana e antidemocrática (Moreno Luzón e Núñez Seixas, 2017: 219-223 e 391-392). En 1932 foron detidos en Santiago catro mozos tradicionalistas, despois de dar varios vivas subversivos e ondear a bandeira bicor na Alameda (*El Pueblo Gallego*, 9-06-1932). Na Coruña, en 1935, foi detida unha parella que se dedicara a pegar panfletos do calvosotelista Bloque Nacional, que glorificaban o pendón monárquico (*El Pueblo Gallego*, 9-02-1935). As JAP, Juventudes de Acción Popular, as mocidades da CEDA, malia o carácter accidentalista do partido do seu líder José M^a Gil Robles e a súa presenza no Goberno durante o segundo bienio republicano, non perdían ocasión de criticar a tricolor, sinalando a rojigualda como “única enseña de España” (*Acción. Órgano de la Juventud de Acción Popular*, 12-02-1936).

A ofensiva simbólica chegou a un punto que, na altura de mediados de 1935, o Goberno tivo que intervir. Por medio de varios decretos prohibiu a posesión e ostentación de bandeiras con fins de “lucha político social”, pois

Algunas agrupaciones [...] las han adoptado como evidente signo combativo, como expresión de su ideología para afirmar su desafección a la República o para proclamar sus propósitos de subversión del orden.²³

Con todo, a falla de contundencia das autoridades á hora de impoñer medidas abondo disuasorias, e compatibles co réxime republicano asemade, que puidesen tronzar esas manifestacións, ben como a indiferenza perante as medidas vixentes por parte dos grupos antirrepublicanos, orgullosos mártires na loita polos seus ideais, permitiu a súa continuidade.

Que había detrás da vindicación da vella simboloxía ou a exhibición da “partidista”? Son ben significativas as palabras pronunciadas pola tradicionalista María Urraca Pastor durante o seu mitin no Teatro Principal de Pontevedra en 1933: “levantar a España sobre outros cimientos”, no que se ofreceu un canto á tríade “Deus, Patria y Rey” e á verdadeira bandeira nacional, a bicor (*El Pueblo Gallego*, 26-07-1933). En efecto, a exhibición de símbolos proscritos eran manifestacións de

oposición ao réxime, aínda que non só ficaban niso. Con aqueles símbolos monárquicos e cos seus propios partidistas, estas forzas estaban a ofrecer alternativas políticas á democracia republicana.

Non había unidade en como se concretaría a resposta contrarrevolucionaria, pois cada partido propoñía un proxecto político diferente (González Calleja, 2011). En calquera caso, e malia as diverxencias, todos eles coincidían no seu marcado carácter antidemocrático e na vindicación dunha identidade nacional oposta e incompatible coa ofrecida polos republicanos liberais. Non vían no labor destes últimos unha empresa nacionalizadora, senón un proxecto para corromper a esencia española, e en definitiva, para destruír a nación. O seu rexeitamento, e por extensión, o rexeitamento dos símbolos que a representaban, convértese nun claro exemplo da radicalización que os levou, xunto dunha parte do exército e cunha guerra civil, a conter a democracia durante case medio século (Moreno Luzón e Núñez Seixas, 2017: 63-71; Cruz, 2014; Quiroga, 2008).

ÚLTIMAS CONSIDERACIÓNS

En abril de 1931 abriuse en España un tempo novo: a democracia chegaba ao país en forma de República. Os novos gobernantes foron conscientes de que, se pretendían que o novo réxime perdurase, era preciso nacionalizar aos españois nunha nova idea de nación, republicana e democrática, co obxectivo de garantir o seu apoio ao cambio político, e doutra banda que aqueles pasasen a ser verdadeiros cidadáns. Esta tarefa, iniciada xa no século XIX, podía continuar agora a través dos instrumentos e recursos do Estado.

Os republicanos tentaron acometer unha substitución da simboloxía ata o momento oficial por outra nova, na medida en que entenderon que a anterior -vencellada coa monarquía, a ditadura primorriverista e a relixión católica- non servía para difundir o discurso da España liberal-democrática, popular, laica e republicana. O proceso deu comezo nas xornadas de abril de 1931, cando entre manifestacións de xúbilo polo tempo novo que se inauguraba tiveron lugar actos de violencia iconoclasta contra aqueles símbolos que representaban o pasado —estaturas, cadros, placas que nomeaban rúas e prazas— e tamén se exhibiron, non só en edificios privados senón tamén públicos, aqueloutros que encerraban un significado, en certa medida, revolucionario: a plena democracia, a igualdade social, sentimentos identitarios diferentes do español...

Emporiso, e como se puido ver, o proceso de substitución dos vellos símbolos por outros novos foi accidentado e incompleto. Para Pamela Radcliff (1997: 305-325), foron notorias as debilidades da empresa acometida polos republicanos para implantar unha nova identidade española, e conseguintemente un novo corpus simbólico acorde con ela. A historiadora alude a unha “crise de representación” durante a República: a incapacidade das autoridades de impoñer a hexemonía simbólica desataría a confusión, e a identidade republicana perdería toda capacidade nacionalizadora. Ao tempo, o corpus simbólico republicano non foi de abondo potente para convencer os españois da idea de España que sintetizaban, nin de acalar as voces que a contestaban, causa do fracaso da Segunda República e o estoupido da guerra civil. A identidade nacional impulsada polo franquismo, a diferenza da republicana, converteuse en hexemónica.

Se ben podemos chegar a recoñecer as debilidades da nacionalización durante a República, non compartimos é a sentenza do proceso como un fracaso absoluto. É certo que non se puido impoñer unha única e remozada identidade nacional a toda a sociedade española: faltou tempo, recursos e decisión, e xogaron en contra as friccións entre os aliados e as resistencias da oposición. Tampouco a tricolor ou o *Himno de Riego* se consagraron como verdadeiros símbolos nacionais:

irremediabilmente ficarían asociados á República como réxime político e tamén, á corrente liberal-democrática do nacionalismo español.

Secasí, durante a primeira metade daquela década gañou forza unha consciencia cívica e democrática xa existente dende comezos de século (Townson, 2018). Iso explicaba, entre outras razóns, que a transición dende a ditadura en 1931 tivese un carácter tan natural como festivo, e que a liquidación efectiva da democracia en 1936 precisase dunha longa guerra civil logo dun falido golpe de Estado. Os símbolos nacionais dos republicanos españois, aínda que non lograron consolidarse, si que fixeron parte da empresa de nacionalización que, dende diversos ámbitos —o espazo público, a educación ou o exército—, se afanou por estender a cidadanía democrática.

Doutra banda, a tese de que o franquismo triunfou na tarefa de impoñer aos españois unha identidade nacional hexemónica (Radcliff, 1997: 324-325) tampouco se sostén, de termos en conta que, a pesar do conflito civil, a brutal violencia, a propaganda e os case corenta anos de ditadura, non logrou liquidar as realidades identitarias sub-estatais, nin aquela nova consciencia cívica que impregnaba a unha parte crecente da sociedade española. De feito, ambos os dous factores xogarían un papel fundamental no regreso da democracia trala morte de Francisco Franco (Cruz, 2014: 13-96-97; Cazorla Sánchez, 2015: 295-361).

Referencias bibliográficas

- Álvarez Junco, J., “«Los amantes de la libertad»: La cultura republicana española a principios del siglo XX”, in N. Townson e A. Alted Vigil (eds.), *El republicanismo en España (1830-1977)*, Madrid, Alianza, 1994, pp. 265-292.
- Álvarez Junco, J., *Dioses útiles. Naciones y nacionalismos*, Barcelona, Galaxia Gutenberg, 2016.
- Balcells, A., *El nacionalismo catalán*. Biblioteca de historia. Madrid: Información e Historia, 2002.
- Beramendi, J., “Nacionalismos, regionalismos y autonomía en la Segunda República”, *Pasado y Memoria*, 2, 2003, pp. 53-82.
- Beramendi, J., “Galeguismo e republicanismo (1840-1936)”, *Roteiros: arumes de pensamento crítico*, 3, 2009, pp. 118-141.
- Beramendi, J. e Núñez Seixas, X. M., *O nacionalismo galego*, Vigo, A Nosa Terra, 1996.
- Beramendi, J.; Rivera, A., “La nacionalización española: cuestiones de teoría y método”, in F. Luengo Teixidor e F. Molina Aparicio (eds.), *Los caminos de la nación. Factores de nacionalización en la España contemporánea*, Granada, Comares, 2016, pp. 3-52.
- Billig, M., *Banal nationalism*. London, Thousand Oaks Calif.: Sage, 1995.
- Blas Guerrero, A. d., “Nación y nacionalismo en la obra de Ortega y Gasset”, in F. H. Llano Alonso, A. Castro Sáenz, Alfonso e J. L. Abellán (eds.), *Meditaciones sobre Ortega y Gasset*, Madrid, Tébar Flores, 2005, pp. 647-670.
- Cazorla Sánchez, A., *Miedo y progreso. Los españoles de a pie bajo el franquismo*, Madrid, Alianza Editorial, 2015.
- Cruz, R., *Una revolución elegante. España, 1931*, Madrid, Alianza Editorial, 2014.
- Duarte, Á., “Republicanism, federalism and autonomies: de los proyectos federales de 1873 a la Segunda República y los estatutos de autonomía”, in J. L. Guereña e M. Morales Muñoz (eds.), *Los nacionalismos en la España contemporánea. Ideologías, movimientos y símbolos*, Málaga, Servicio de Publicaciones, Centro de Ediciones de la Diputación de Málaga, 2006, pp. 187-206.
- De Pablo, S. e Mees, L., *El péndulo patriótico*, Barcelona, Crítica, 2005.

- Duarte, Á., “La República, o España liberada a sí misma”, in J. Moreno Luzón e X. M. Núñez Seixas (eds.), *Ser españoles. Imaginarios nacionalistas en el siglo XX*, Barcelona, RBA, 2013, pp. 104–132.
- Fernández González, M., “Las elecciones municipales de abril de 1931 y la proclamación de la Segunda República en Vigo”, *Boletín del Instituto de Estudios Vigueses*, 8, 2002, pp. 7–31.
- González Calleja, E., *Contrarrevolucionarios. Radicalización violenta de las derechas durante la Segunda República, 1931-1936*, Madrid, Alianza Editorial, 2011.
- González Calleja, E., *La Segunda República española*, Barcelona, Pasado & Presente, 2015.
- González Probados, M., “Os primeiros de maio na Galiza republicana (1931-1936)”, in J. De Juana, X. Castro, J. Platero Paz, (coords.), *Sociedade e movemento obreiro en Galicia*, Ourense, Diputación Provincial, Servicio de Publicaciones, 1986, pp. 373–420.
- González Probados, M., “El socialismo gallego en la Segunda República”, *Investigaciones históricas: Época moderna y contemporánea*, 10, 1990, pp. 165–186.
- González Probados, M., *O socialismo na II República (1931-1936)*, Sada, A Coruña, Edicións do Castro, 1992.
- Kertzer, D. I., *Ritual, politics, and power*, New Haven, Yale University Press, 1988.
- Llano Alonso, F. H.; Castro Sáenz, A.; Abellán, J. L. (eds.), *Meditaciones sobre Ortega y Gasset*, Madrid, Tébar Flores, 2005.
- Macarro Vera, J. M., “Cultura republicana y cultura democrática en las izquierdas españolas (1931-1936)”, *Revista de Historia Contemporánea*, núms. 9-10, 1999-2000, pp. 311–328.
- Mees, L. (ed.), *La celebración de la nación. Símbolos, mitos y lugares de memoria*, Granada, Comares, 2012.
- Moreno Luzón, J., “Mitos de la España inmortal”, in C. Forcadell Álvarez, M. P. Salomón Chéliz, I. Saz (eds.), *Discursos de España en el siglo XX*, Valencia, Publicacions de la Universitat de València, 2009, pp. 123–146.
- Moreno Luzón, J., “La Restauración: 1874-1914”, in J. Álvarez Junco, A. Shubert (eds.), *Nueva historia de la España contemporánea: 1808-2018*, Barcelona, Galaxia Gutenberg, 2018, pp. 101–127.
- Moreno Luzón, J., Núñez Seixas, X. M. (eds.), *Ser españoles. Imaginarios nacionalistas en el siglo XX*, Barcelona, RBA, 2013.
- Moreno Luzón, J., Núñez Seixas, X. M., *Los colores de la patria. Símbolos nacionales en la España contemporánea*, Madrid, Tecnos, 2017.
- Núñez Seixas, X. M., “Los oasis en el desierto. Perspectivas historiográficas sobre el nacionalismo español”, *Bulletin d’Histoire Contemporaine de l’Espagne*, 26, 1997, pp. 483–533.
- Orobon, M. A.; González Fernández, J. L., “Echar a la calle: el destronamiento simbólico de Alfonso XIII”, *Revista de Historia Constitucional*, 20, 2019, pp. 171–199 [revista electrónica], disponible en <<http://www.cervantesvirtual.com/obra/echar-a-la-calle-el-destronamiento-simbolico-de-alfonso-xiii-981108/>> [Consulta: 7-09-2021].
- Pereira, D., *A CNT na Galicia (1922-1936)*, Noia, Edicións Laivento, 1994.
- Pereira, D. e Fernández, E., *Nacionalismo e anarquismo na Galiza (1840-1940)*, Santiago de Compostela, Edicións Positivas, 2020.
- Pozo Andrés, M. d. M., “La construcción de la identidad nacional desde la escuela: el modelo republicano de educación para la ciudadanía”, in J. Moreno Luzón (eds.), *Construir España. Nacionalismo español y procesos de nacionalización*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 2007, pp. 207–232.
- Pozo Andrés, M. d. M., “La construcción y la destrucción de la nación cívica desde la escuela en la Segunda República”, *Hispania Nova*, 11, 2013.

- Puhle, H. J., “Símbolos, mitos y lugares de memoria en la política contemporánea”, in L. Mees (ed.), *La celebración de la nación*, Granada, Comares, 2012, pp. 11–29.
- Quiroga Fernández de Soto, A., *Haciendo españoles. La nacionalización de las masas en la dictadura de Primo de Rivera*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 2008.
- Ramos, R., “A Segunda Fundação (1890-1926)”, in J. Mattoso (dir.), *História de Portugal*, Lisboa, Estampa, 2001.
- Radcliff, P., “La representación de la nación. El conflicto en torno a la identidad nacional y las prácticas simbólicas en la Segunda República”, in R. Cruz, M. Pérez Ledesma (eds.), *Cultura y movilización en la España contemporánea*, Madrid, Alianza Editorial, 1997, pp. 305–325.
- Robles Egea, A., “Republicanism and horizon europeo”, in Nigel Townson, A. Alted Vigil (eds.), *El republicanismo en España (1830-1977)*, Madrid, Alianza, 1994, pp. 293–312.
- Salomón Chéliz, M. P., “Republicanism e identidad nacional Española. La República como ideal integrador y salvífero de la nación”, in C. Forcadell Álvarez, M. P. Salomón Chéliz, I. Saz (eds.), *Discursos de España en el siglo XX*, Valencia, Publicaciones de la Universitat de València, 2009, pp. 35–64.
- Serrano, C., *El nacimiento de Carmen. Símbolos, mitos, nación*, Madrid, Taurus, 1999.
- Smith, A. D., *Myths and memories of the nation*, Oxford, Oxford University Press, 1999.
- Téllez Cenzano, E., *La música como elemento de representación institucional: el himno de la Segunda República española*, Tese de doutoramento, Universidad Complutense de Madrid, [na rede], 2016, disponible en <<https://eprints.ucm.es/37982/>> [Consulta: 7-09-2021].
- Thiesse, A. M., “Himnos y banderas nacionales, una historia global”, limiar a J. Moreno Luzón, X. M. Núñez Seixas, *Los colores de la patria. Símbolos nacionales en la España Contemporánea*, Madrid, Tecnos, 2017, pp. 9–15.
- Townson, N., “El controvertido camino hacia la modernización: 1914-1936”, in J. Álvarez Junco, A. Shubert (eds.), *Nueva historia de la España contemporánea: 1808-2018*, Barcelona, Galaxia Gutenberg, 2018, pp. 128–157.
- Velasco Martínez, L., *La Nación Marcial: Servicio Militar Obligatorio y Educación Patriótica en España (1898-1982)*, Tese de doutoramento, USC, 2020.

Notas

Javier Frieiro Santaya (Caldas de Reis, Pontevedra, 1998) é graduado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, obtendo o Premio Extraordinario de Fin de Carreira. Pola mesma casa, cursou o Mestrado Interuniversitario en Historia Contemporánea. Na actualidade é alumno do Mestrado Universitario en Profesorado e a través dunha bolsa de iniciación á investigación (Banco Santander-USC), está vinculado ao Grupo de Investigación HISPONA. O seu campo de estudos é a Contemporaneidade española, especialmente o primeiro terzo do século XX, interesándose en cuestións coma os procesos de nacionalización de masas e a extensión da conciencia cívica e democrática na sociedade española.

- 1 A grande cantidade de referencias para esta cuestión lévanos a dedicarlle esta nota por motivos prácticos. Véxase: Álvarez Junco (1994: 270-290 e 2016: 171 e segs); Salomón Chéliz (2009: 37-50); Núñez Seixas (1997: 516-518); De Blas Guerrero (2005); Duarte (2006: 111-112 e 188 e 2013: 108-111); Moreno Luzón (2018: 102-103); Macarro Vera (1999-2000: 312-313); Robles Egea (1994: 296-312) e González Calleja (2011: 34-35 e 45 e segs. e 2015: 196-200).
- 2 Algunhas vías: a prensa republicana, a construción dun calendario de efemérides que se celebraban mediante festas e banquetes, os mitins, as asociacións para lograr melloras nos barrios... Eran mecanismos todos de socialización, e axudaban a artellar unha “comunidade republicana”, e tamén unha identidade.
- 3 O proceso de anovación simbólica non foi exclusivo de España. En países que pasaron por episodios de cambio do seus sistemas políticos viuse tamén necesario mudar as imaxes da nación vixentes por outras que ofrecesen

- unha maior lexitimidade. Por poñer un exemplo máis ou menos coetáneo e próximo, en Portugal, onde en 1910 se puxo fin á monarquía dos Bragança e se proclamou a república, tamén tivo lugar a substitución dos vellos símbolos. Así, a bandeira branquiazul e o *Hymno da Carta* trocáronse polos aínda hoxe vixentes: o pendón verde e vermello e *A Portuguesa*. Véxase *Diário do Governo*, 20-06-1911, p. 1401, que establece a nova bandeira — deseñada previamente por unha comisión nomeada polo goberno provisional— e o novo himno por decreto da “Assemblea Nacional Constituinte”, que na mesma xornada aboliu a monarquía e definiu a forma de goberno de Portugal como unha “República Democrática”. Cf. Ramos (2001).
- 4 As citas e os contidos extraíense de *Gaceta de Madrid*, 28-04-1931, p. 359.
- 5 A razón foi que, dese xeito, imposibilitábase que o pavillón nacional puidese ser modificado. Véxase *El Pueblo Gallego*, 28-11-1931.
- 6 De semellante sosego foi a retirada do que había na Sala de Bandeiras do Cuartel de Santa Sabela, que foi levado ao museo da Sociedade Económica de Amigos do País, cumprindo co decretado polo Goberno provisional.
- 7 No monumento en homenaxe ao aviador ferrolán Ramón Franco, irmán do futuro ditador e referente do republicanismo naqueles momentos, tamén se colocou, por decisión do consistorio, unha bandeira tricolor.
- 8 Outro xornal recolle o episodio sen deterse nesas detalles, limitándose a afirmar que se substituíu o retrato do monarca polo dunha representación da República, polo que resulta complicado saber se o episodio da antropofaxia pictórica tivo algún fundamento real ou foi froito da imaxinación do xornalista. Véxase *El Pueblo Gallego*, 15-04-1931.
- 9 Para o papel que os republicanos lle concederon á educación como medio nacionalizador, véxase Pozo Andrés (2007: 209-210) e (2013); para o exército e os outros ámbitos banais, véxase Moreno Luzón e Núñez Seixas (2017: 201 e 203) e Velasco (2020).
- 10 Para a cuestión da banalización dos símbolos nacionais véxase Billig (1995).
- 11 Na mesma intervención, o deputado fai referencia ao estado de moitas das bandeiras tricores colocadas o 14 de abril en edificios públicos, que agora estaban decoradas, e a pesar deste feito, non foran substituídas, como se algúns estiveran esperando ao regreso da monarquía para retiralas e facer como se nunca tivesen estado aí.
- 12 Os casos catalán e vasco presentan unhas características interesantes para completar o complexo crebacabezas de identidades subestatais co que habían de encaixar os republicanos españoлисты. En Cataluña, os símbolos do catalanismo político —a *senyera*. *Els Segadors*— non só foron restaurados logo da súa persecución durante o primorriverismo, senón que se estableceron como oficiais da nova Generalitat, exhibíndose en consonancia cos oficiais da República española ou de xeito illado sen espertar desconfianzas e sempre que non se asociasen con arredismo, coa *estelada*. O caso vasco é o que supón máis diferenzas a respecto do galego e do catalán: aquí a propia natureza de símbolos como a *ikurriña* -vencellada ao PNV e non á sociedade vasca en xeral polas autoridades estatais- dificultará xa non a súa compatibilidade cos símbolos españois, senón a súa mera exhibición, entendida en boa medida como un desafío sedicioso dun movemento independentista e reaccionario. Así foi, en boa medida, ata despois do golpe de Estado. Véxase, para Cataluña, Balcells (2002), e para o País Vasco, De Pablo e Mees (2005).
- 13 Outros exemplos poden ser: Santiago en 1931, como se ve en *El Eco de Santiago*, 24-07-1931; A Coruña en 1932, segundo *El Pueblo Gallego*, 26-07-1932 e Vigo en 1935, segundo *El Pueblo Gallego*, 26-07-1935.
- 14 O xornal remarca que a bandeira nacional “tampoco este año” estivo presente, recordando que a lei remarca que todo acto presidido pola bandeira rexional ha de contar tamén coa do Estado. Reporte similar témolo en 1932, onde tampouco hai referencias á bandeira tricolor pero que si menciona que se interpretou o Himno Galego e que define o acto como “pleno de emotividad y entusiasmo galleguista”. Véxase *El Pueblo Gallego*, 26-07-1932.
- 15 Véxase *El Pueblo Gallego*, 9-02-1935 para a velada que a Academia Galega celebraría na noite do oito de febreiro en honor ao poeta.
- 16 Por último, para o artigo de Plácido Castro, véxase “Justificación del nacionalismo” en *El Pueblo Gallego*, 10-04-1932.
- 17 As bandeiras galegas tamén acompañaron a algúns votantes vigueses aos colexios electorais o día dos comicios. Véxase *El Eco de Santiago*, 22-06-1936 para Vigo; *El Pueblo Gallego*, 30-06-1936 para Vigo e Santiago, *El Compostelano*, 12-06-1936 para Lugo; e *El Pueblo Gallego*, 30-06-1936 para Ourense.
- 18 Así, a consecución da autonomía para o PG era o obxectivo táctico inmediato, aínda que a súa aspiración última fose a autodeterminación de Galicia nunha república confederal.
- 19 “Sospecha de ocultación de cierto sentimiento tras símbolos galleguistas” en *El Pueblo Gallego*, 31-08-1934. Sobre a exclusión de elementos da bandeira galega, fenómeno que tamén tiña lugar, chama a atención o articulista de *El Progreso* que escribe sobre as festas da Peregrina na Pontevedra de 1933; afirma que a bandeira

galega que pendura do balcón do Concello parece que perdeu os seus atributos relixiosos –entendemos que se refire ao escudo—, pero que tanto tiña, pois “Ya se los volverán a poner cuando venzan los amigos Abeigón y Lis” [Tomás Abeigón Pazos e a Víctor Lis Quibén, vencellados á CEDA] “y en el ayuntamiento se haga todo a derechas”. Véxase *El Progreso*, 13-08-1933.

- 20 Este apéndice centrarase, en boa medida, no socialismo en Galicia durante o quinquenio. Para o anarquismo, no país representado pola Confederación Regional Galaica (CGR) da CNT, véxase Pereira (1994) e Pereira e Fernández (2020), aínda que certamente son parcos na súa atención á cuestión simbólica.
- 21 As declaracións de Francisco Largo Caballero, que dan título a este apartado, foron recollidas en *La Lucha: órgano de la Agrupación Socialista y de la Federación Agraria de la Provincia*, 20-02-1932.
- 22 A defensa de ambos os dous símbolos en “La bandera española”, en *Vida Gallega*, 10-05-1931 e *El Eco de Santiago*, 29-04-1931.
- 23 *Gaceta de Madrid*, 7-06-1935, p. 1998. Outro decreto en *Gaceta de Madrid*, 18-07-1935, pp. 649-650.